



# MELENDI



O 21 de xaneiro abría os ollos en Oviedo un meniño que levaría paixóns... ¡boas e malas! Puxéronlle Ramón, pero, por aquel entón, el xa prefería que o chamaran polo seu orixinal apelido: Melendi. ¡Iso xa indicaba que quería ser diferente aos demais!. E sempre loitou por conseguilo...

Súa irmá, un ano e medio maior que el, era a rapaza perfecta e exemplar da casa. En cambio, Melendi era o rebelde, o anti-cole, o lacazán... ¡Tiña todo o que seus pais non aturaban! Mira que sufriron con el... ¡Cantas noites sen pegar ollo esperándoo na porta! ¡Cantas cartas do director con queixas polo seu mal comportamento!

De pequeno, quería ser futbolista e chegou a xogar no equipo da súa cidade, inda que xa escondía unha vocación, a música. Melendi tívoo clarísimo. Deixou os estudos, ben, máis ben invítárono a abandonar o instituto polas súas trasnadas... E comezou a traballar de camareiro e pizzeiro. Foi entón cando comezou a frecuentar locais nocturnos e a meterse na música máis que nunca... En canto puido, independizouse en Oviedo, inda que non deixou de dar tumbos. E é que Melendi quería dedicarse á música,

pero non tiña cartos e estaba só... Fixo moitas trasnadas. Foise a Segovia a traballar nunha feira de xamóns e chegou a fuxir a Ibiza ¡por unha rapaza!

Menos mal que en xaneiro de 2001 atreveuse por fin a montar un grupo: "Bosque de Sherwood". Loitou por sacalo adiante, mesmo deron varios concertos en Oviedo, pero non saíu ben... ¡Non podía tirara toalla! e decidiu escribir tres temas super persoais: "Sin noticias de Holanda", "Vuelvo a traficar" e "El informe del forense". E gravou unha maqueta na súa casa por se algún día alguén quería escoitala. Unha tarde de abril de 2002 Melendi estaba traballando de camareiro nun local e viu entrar o responsable dunha discográfica. Viña facerlle unha proba a un compañeiro, pero el aproveitou para tocar os seus temiñas e ensinalle o seu estilazo. O cazatalentos alucinou e viu nel unha futura estrela do pop flamenco e a rumba canalla. Por iso, á semana seguinte chamárono para darlle un notición... ¡fáse a Madrid a gravar un disco! Entre agosto e setembro do 2003, meteuse nos estudios Oasis e deixou a pel para que o seu primeiro álbum vira a luz. ¡E viuna! A discográfica non lle fixo moita promoción e case ninguén o coñecía ao principio, pero Melendi non parou de traballar ata conseguilo. ¡E arrasou co seu disco! E iso que dicían que era lacazán e un rapaz malo. Pois demostrou que diso non tiña nada.

Tania e Nuria

O irreverente cantante de Oviedo, Ramón Melendi é capaz de refundir a rumba máis canalla co flamenco rock máis auténtico. Apuntaba maneiras para ser futbolista, pero a guitarra, sen dúbida, golpeoulle o corazón. O seu primeiro disco "Sin noticias de Holanda" logrou alcanzar os primeiros postos nas listas de venta grazas ao tema "Con la luna llena", sintonía oficial da volta ciclista a España 2004.

A continuación, "Que el cielo espere sentao" xa está na rúa dende o pasado mes de abril. Abandonadas as rastas e adoptando un look máis atractivo, presenta como credencial o que será unha nova bomba, o seu primeiro sinxelo "Caminando por la vida", unha rumba de aire optimista que cala fondo á primeira.



Ana Méndez Asorey. B1A.